

PLAN DE CONVIVENCIA

1

CIFP Manuel Antonio

CURSO 2023-2024

ELABORADO		REVISADO		APROBADO	
EQUIPO DIRECTIVO		A DIRECCIÓN		CONSELLO SOCIAL	
Data	22/23	Data	12/23	Data	

Índice.

1. Análise da Convivencia no Centro	4
1.1. Introducción	4
1.2. Análise do contexto.....	4
1.3. Instrumentos de Avaliación.....	6
2. Obxetivos	8
2.1 Organizativos.....	8
2.2 Sensibilización da comunidade educativa	8
2.3 Prevención de conflitos.....	8
2.4 Fomento da participación	9
3. Actuacións a Desenvolver para Favorecer a Convivencia	10
4. Protocolo para a Prevención do Acoso Escolar	11
4.1 Identificación do acoso escolar	11
4.2 Protocolo de actuación	12
4.3 Estratexias de prevención	21
5. Liñas de Actuación	22
6. Normas de Convivencia	23
6.1 Introducción	23
6.2 Dereitos e deberes do alumnado	23
6.3 Normas de conduta a seguir no centro.....	23
6.4 Condutas contrarias a convivencia.....	23
6.5 Medidas correctoras das condutas contrarias a convivencia	23
6.6 Responsabilidade das nais e país ou das titoras ou titores.....	23



7. Funcionamento da Comisión de Convivencia	24
8. Estratexias para a Difusión do Plan de Convivencia	26
8.1 Presentación do Plan de Convivencia ao profesorado	26
8.2 Presentación do Plan de Convivencia ao P.A.S	26
8.3 Dar a coñecer ao alumnado o Plan de Convivencia	27
8.4 Informar aos pais/nais do Plan de Convivencia	27
9. Seguemento e Avaliación do Plan	27
9.1 Seguemento por parte do centro.....	27
9.2 Seguemento por parte da administración educativa.....	28

1. ANÁLISE DA CONVIVENCIA NO CENTRO

1.1 INTRODUCCIÓN

A elaboración do plan de convivencia non debe entenderse como unha tarefa estritamente burocrática do centro educativo, senón que suporá a oportunidade dunha reflexión conxunta sobre un dos principais obxectivos do sistema educativo, como é o de ensinar a convivir e ser persoa, desenvolvendo para isto competencias sociais e cívicas. Debe ser un documento realista, útil, dinámico e adaptado ás peculiaridades e necesidades do centro. O devandito plan de convivencia integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, obxectivos, directrices básicas de convivencia e actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

O CIFP Manuel Antonio ten como misión impartir un ensino de calidade, onde se conxuga a responsabilidade coa liberdade a través dunhas normas de convivencia dentro dun espírito independente, tolerante e comprometido. Ofrecendo un servizo educativo aberto ás innovacións e requirimentos de toda a comunidade educativa, tendo en conta as peculiaridades individuais do alumnado, posibilitándolles o desenvolvemento a nivel persoal, permitíndolles progresar no mundo académico e laboral, e preparándolles para a vida.

É necesario partir das necesidades detectadas no noso centro en relación á convivencia, cara a propoñer os obxectivos que se deben recoller no plan de convivencia para darlles resposta.

O Plan de Convivencia será elaborado pola Comisión de Convivencia, e será aprobado polo Consello Social do centro (Decreto 8/2015, Artigo 11 e Disposición adicional segunda).

1.2 ANÁLISE DO CONTEXTO

O diagnóstico é o punto de partida para coñecer o estado de convivencia do centro. Este diagnóstico sitúanos na realidade e proporciona un perfil concreto do centro guiando a elaboración do plan de convivencia axustado á realidade do noso centro.

O Centro integrado de Formación Profesional Manuel Antonio atende ao alumnado de Vigo cidade, provincia de Pontevedra e provincias limítrofes que cursa estudos de F.P. das familias de Hostalaría e Turismo, Industrias Alimentaria, TêxtilConfecção e Pel, Química e Sanitaria e o ciclo de formación Profesional Básica de Cociña e Restauración. Trátase dun alumnado con 16 ou máis anos, maioritariamente, que accede ao Centro a través de probas de acceso a ciclos formativos de grado medio ou superior, título da E.S.O. ou Bacharelato, de procedencia diversa, tanto cultural como social, que buscan a través dos estudos de F.P. a cualificación profesional que lles permita inserirse socio-laboralmente.

O alumnado dos ciclos formativos de grado superior posúe, en xeral, un grado de madurez persoal e intelectual aceptable. As relacións sociais entre compañeiros e co profesorado están xeralmente fundamentadas no respecto, escoita activa, a tolerancia e o cumprimento das normas de convivencia. De tódolos xeitos, pode producirse algún episodio illado que perturbe o bo funcionamento habitual.

O alumnado de ciclos formativos de grado medio e o de formación profesional básica presenta máis inmadurez social e intelectual o que pode dar lugar a que se produzan con máis frecuencia faltas de respecto entre compañeiros e co profesorado; falta de cumprimento das normas de convivencia ou o debido coidado ás instalacións e materiais do Centro. Non entanto adoita tratarse de condutas illadas ás que haberemos de dar resposta rápida para evitar a súa xeneralización; asemade convirá estimular as habilidades sociais, as actitudes de colaboración e cooperación entre iguais e o respecto como guía fundamental da nosa conduta cara aos demais. Tendo en conta o alumnado co que traballamos, os problemas de disciplina ou de falta de interese son apenas inexistentes.

No Plan de Acción Titorial recóllese que a acción titorial debe contemplar a intervención específica en cada grupo-clase. Por un lado, preténdese reforzar os vínculos entre os diferentes membros do grupo e, por outro, quérense aproveitar as dinámicas grupais pola súa probada eficacia para favorecer o desenvolvemento individual. Inclúranse actividades que permitan recoller información sobre o grupo e as relacións que nel se establecen (alumnado rexeitado, situacións de liderazgo ou dificultades de relación na vida cotiá).

Con respecto ás familias é de destacar o alto grao de coñecemento que manifestan ter sobre as NOF e as liñas básicas do PAT. As familias recoñecen que acoden ao centro sempre que se lles convoca e que acostuman a falar cos seus fillos/as sobre como lles vai no centro. Tamén hai que sinalar que, na maioría dos casos, acostuman a apoiar as decisións que toma o titor/a sobre o comportamento do seu fillo/a, recoñecendo que a mellor vía para solucionar os problemas que poidan xurdir cos seus fillos/as é falando e pedindo información ao profesor/a titor/a.

Por último, respecto ao persoal de administración e servizos, considera que se melloraría o clima escolar aplicando rigorosa e sistematicamente as normas de convivencia, aplicando sancións estritas. Deberíase traballar máis a fondo as NOF e os dereitos e deberes na acción titorial. Resaltan a importancia da divulgación dos distintos documentos nos que se recollen os aspectos fundamentais da convivencia no centro.

Como resume, podemos dicir que o ambiente de convivencia no noso centro non presenta problemas significativos, o que non quita que se poidan presentar algún tipo de incidentes pouco relevantes.

1.3 INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Pola súa parte, **na enquisa sobre o ambiente de convivencia levada a cabo a comezos deste curso** obtense unha visión máis aproximada sobre o ambiente de convivencia que se da no noso centro. En xeral, tanto o alumnado, como o profesorado e as propias familias perciben que a convivencia no CIFP Manuel Antonio ten mellorado nos últimos anos, non habendo problemas de convivencia significativos no noso centro.

No que si tódolos sectores coinciden é en recoñecer o alto grao de coñecemento que ten a comunidade educativa sobre os distintos documentos que recollen aspectos fundamentais da convivencia no centro (NOF, dereitos e deberes, PAT...), en parte debido á boa difusión que se fai dos mesmos.

Neste senso, o alumnado resalta as actividades dirixidas á prevención da violencia contra as mulleres, así como o traballo desenvolto nas titorías sobre os dereitos e deberes do alumnado. Tamén hai un alto grao de consenso nas medidas que se toman para a resolución dos conflitos, nas que prima o diálogo para chegar a acordos e a unha resolución pacífica do conflito, destacando o papel do titor/a como mediador ou impulsor desas medidas. A gran maioría considera que se lle da a oportunidade de manifestar e dicir o que opina, tanto no grupo clase como a nivel de centro.

Sobre a resolución dos conflitos, o profesorado coincide coa opinión do alumnado en canto a que prima o diálogo e o fomento de solucións conciliadas no ámbito das titorías. O sector do profesorado resalta a importancia que ten a difusión de todas as actuacións en materia de convivencia que se desenvolven na mellora do clima escolar.

2. OBXETIVOS

2.1 ORGANIZATIVOS

2.1.1 Promover a formación permanente do profesorado en temas relacionados coa convivencia.

2.1.2 Recoller nas normas de organización e funcionamento do centro (NOF) accións ou propostas de mellora da convivencia nos distintos espazos do centro.

2.1.3 Revisión e adaptación dos documentos de organización e de xestión de xeito que favorezan o clima de centro.

2.2 SENSIBILIZACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

2.2.1 Coñecer a existencia das posibles problemáticas relacionais que existen na comunidade educativa (alumnado-familias-profesorado).

2.2.2 Establecer vías de sistematización das actuacións en materia de convivencia que se desenvolven no centro.

2.2.3 Favorecer o traballo en grupo e o traballo cooperativo como metodoloxías nas que se potencia o respecto e a solidariedade entre o alumnado.

2.3 PREVENCIÓN DE CONFLITOS

2.3.1 Promover unha cultura de resolución pacífica de conflitos baseada no diálogo.

2.3.2 Propoñer actuacións que fagan que as aulas e os centros sexan lugares de aprendizaxe e práctica da convivencia.

2.3.3 Diseñar mecanismos que faciliten a análise das causas e das consecuencias das problemáticas detectadas, así como a prioridade na súa resposta.



2.3.4 Elaborar protocolos de notificación e actuación ante distintas situación contrarias á convivencia (violencia de xénero, agresións verbais, acoso escolar...).

2.4 FOMENTO DA PARTICIPACIÓN

2.4.1 Prever, no plan de convivencia, as propostas de mellora da convivencia desde a perspectiva dos diferentes compoñentes da comunidade escolar (alumnado, profesorado, familias e persoal de administración e servizos).

2.4.2 Elaborar de forma consensuada as normas de convivencia do centro e de aula.

2.4.3 Establecer as liñas básicas de colaboración e comunicación con outras institucións ou centros que contribúan á mellora da convivencia no centro.

3. ACTUACIÓN A DESENVOLVER PARA FAVORECER A CONVIVENCIA

3.1 Actuación organizativas, curriculares e de coordinación. Debe considerarse, especialmente, a organización do centro e da aula; a coordinación das actuacións docentes; o desenvolvemento da programación; as estratexias metodolóxicas; a avaliación do progreso do alumnado e da práctica docente.

3.2 Actuacións dirixidas a garantir a participación da comunidade educativa, incluída a formación co obxectivo de mellorar a convivencia escolar e a resolución pacífica de conflitos.

3.3 Actuacións dirixidas á prevención de condutas contrarias ás normas de convivencia, incluíndo a difusión de normas e accións de sensibilización e protocolos de detección temperá.

3.4 Medidas que se poden aplicar no centro para previr, detectar, mediar e resolver os conflitos que poidan xurdir, entre as cales se incluírán os compromisos de convivencia, as actuacións preventivas e que contribúan á detección da conflictividade e a conciliación ou mediación na resolución dos conflitos que poidesen xurdir, de conformidade co establecido neste decreto.

3.5 Medidas ou programas específicos para promover a convivencia no centro, que fomenten o diálogo, a corresponsabilidade e a cultura de paz.

4. PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN DO ACOSO ESCOLAR

4.1 IDENTIFICACIÓN DO ACOSO ESCOLAR

4.1.1 Criterios de identificación do acoso escolar: Para poder considerar un comportamento como acoso escolar, deben cumprirse tres criterios, que deben darse simultaneamente. Os criterios son:

- A existencia de intención de facer dano.
- A repetición das condutas agresivas.
- A duración no tempo, co establecemento dun esquema de abuso de poder desequilibrado entre a vítima e a persoa agresora ou persoas agresoras.

4.1.2 Tipos de acoso escolar: Respecto das formas de acoso, temos que ter presentes manifestacións de maltrato tanto verbal (insultos, alcumes, desprestixio...) coma físico contra a persoa vítima ou os seus obxectos persoais. Tamén hai que ter en conta posibles situacións de intimidación, tales como ameazas, chantaxes, roubos... e, por último, situacións de illamento. Para erradicar as situacións de acoso escolar debemos ter presente o seguinte:

1. Intervir ao primeiro sinal, para que a violencia non sexa grave nin se repita.
2. A amizade e a integración como prevención: o traballo propio da aula debe permitir que todo o alumnado teña un grupo de amigos. Isto permitirá, ao mesmo tempo, mellorar a calidade de vida nas escolas e aprender habilidades sociais.
3. Existen tres papeis que hai que previr, intervindo con toda a comunidade educativa: o de persoa agresora, o de vítima e o de persoa espectadora pasiva, que coñece a violencia pero non fai nada para evitala.

4.2 PROTOCOLO DE ACTUACIÓN

4.2.1 A persoa responsable da dirección do centro ou, de ser o caso, calquera outro membro do equipo directivo por delegación expresa daquel dirixirá todas as actuacións que se deriven do desenvolvemento do presente protocolo. O protocolo de actuación ten por obxecto que o profesorado dun centro educativo saiba como actuar nos posibles casos de acoso, pois é imprescindible que se actúe de xeito inmediato e decidido tanto co alumnado implicado (víctima, agresor ou agresores e espectadores) coma coas súas familias.

4.2.2 Primeira fase. Coñecemento da situación: Calquera membro da comunidade educativa (alumnado, profesorado, familias, persoal non docente) que teña coñecemento ou sospeitas, por calquera medio, dunha situación de acoso sobre algún alumno ou alumna ten a obrigaón de poñelo en coñecemento de algun dos membros do equipo directivo. É imprescindible coidar a confidencialidade e a discreción nos procesos de comunicación. Esta primeira comunicación da situación poderá facerse de diferente forma, dependendo da persoa que sexa coñecedora desta:

- Alumnado: caixa de queixas e suxestións do centro (SQ), comunicación verbal alguén do centro.
- Profesorado: comunicación á persoa titora do alumnado implicado e/ou á persoa responsable da dirección.

A continuación, rexistrarase de forma escrita a comunicación desta posible situación de acoso escolar. En calquera caso, o receptor ou receptora da información sempre informará o director ou directora ou, na súa ausencia, a algún membro do equipo directivo.

Ao mesmo tempo, a persoa responsable da dirección do centro establecerá as medidas urxentes oportunas de protección á presunta vítima. Debe primar sempre o interese da presunta vítima sobre calquera outra consideración.

Nomeamento dunha persoa responsable da tramitación: A dirección do centro designará unha persoa responsable da tramitación do protocolo e no mesmo nomeamento será convocada para recibir a información pertinente, reunión da que se redactará a acta. Entre a información facilitada nesta primeira reunión estará a relativa aos feitos e a todos os trámites realizados pola dirección do centro ata o momento deste nomeamento. En todas as súas actuacións, esta persoa deberá ter en consideración que, en caso de incoarse un expediente disciplinario, o prazo máximo para a súa resolución será de doce días lectivos dende que se tivo coñecemento dos feitos, tal como recolle o artigo 25.7 da Lei 4/2011. O seu nomeamento debe ser coñecido polo profesorado titor do alumnado implicado, de forma que se facilite a colaboración entre estes e a comunicación de calquera incidencia relevante que puidese acaecer con respecto á situación denunciada. A persoa que desempeñe esta función deberá ser nomeada entre o profesorado do propio centro.

4.2.3 Segunda fase. Recollida de información: Trátase dunha fase na que o principal obxectivo é o de recadar os datos necesarios para dilucidar se os feitos denunciados constitúen ou non unha situación de acoso escolar. No caso de incoarse expediente disciplinario, toda a información recollida nesta fase formará parte deste expediente, polo que haberá que tomar en consideración os prazos establecidos no artigo 25 da Lei 4/2011.

Os procedementos empregados nesta fase deberán axustarse á idade e madureza dos entrevistados e garantir a confidencialidade da información facilitada, e recollerán cando menos:

- Datos identificativos do centro e alumnado afectado.
- Persoa que recolle a demanda.
- Persoa que comunica a situación.

- Recollida inicial de datos sobre o tipo e gravidade do acoso denunciado.
- Lugares onde se produce o acoso, aínda que se producise fóra das instalacións do centro.
- Feitos observados.

Entrevista individual á vítima. Citación do alumno ou alumna acosado/a a unha entrevista

A entrevista debe comezarse de xeito indirecto e ir centrándose progresivamente no tema. Haberá que manter unha actitude comprensiva e amosarse receptivo. No remate desta debe transmitirse unha actitude tranquilizadora e comunicar explicitamente a busca de solucións e o compromiso para atallar o problema detectado.

Entrevista individual á persoa ou persoas responsable/s do acoso. Citación do alumnado acosador a unha entrevista

É conveniente que as entrevistas sexan individuais, pois, no caso de varias persoas acosadoras, o grupo tendería a minimizar o problema e diluír a responsabilidade entre os seus membros, dificultando a admisión da súa culpa. Os datos achegados pola persoa responsable ou persoas responsables do acoso servirán para constatar os feitos e valorar se realmente está exercendo de acosador ou acosadora.

Entrevista individual ás persoas observadoras/espectadoras. Citación dos demais alumnos ou alumnas implicados/as a unha entrevista

Recollida de información das persoas “espectadoras/observadoras”, que son os membros da comunidade educativa que poden coñecer os feitos pero non participan activamente nestes. Cando o alumno ou alumna entrevistado sexa menor de idade, procederá que esta entrevista se produza en presenza dun

adulto. Trátase de contrastar a información achegada por estas persoas coa obtida da persoa acosada e da persoa ou persoas acosadora/s, coa finalidade de poder garantir a veracidade dos feitos. No caso de que sexa máis dunha persoa, as entrevistas deben ser realizadas de forma individual.

Entrevista individual ás familias. Citación para entrevista ás familias da persoa acosada e da persoa ou persoas acosadora/s

Trátase de dar a coñecer e recoller información sobre os feitos denunciados, se son coñecidos polos pais e, de ser o caso, que medidas tomaron ata esa data ao respecto.

Solicitud de asesoramento e/ou apoio técnico do departamento de orientación do centro

A persoa responsable da tramitación poderá solicitar asesoramento e/ou apoio técnico da persoa que ocupe a xefatura de orientación do centro cando o considere necesario e oportuno para o desenvolvemento do proceso.

15

4.2.1 Terceira fase. Análise da información e adopción de medidas:

Unha vez recadada toda a información sobre os feitos acontecidos, deberá ser comunicada polo responsable da tramitación á dirección do centro, quen precisará se a situación detectada é ou non un caso de posible acoso e, de ser o caso, acordará as medidas que cómpre adoptar, sempre de acordo coas previsións recollidas nas normas de convivencia incluídas nas normas de organización e funcionamento do centro (NOF) e no regulado na Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa e na normativa que a desenvolva, con respecto ás condutas contrarias á convivencia e as correccións que correspondan ao seu incumprimento.

Cando se confirme a situación de acoso escolar, debemos distinguir entre as medidas que se adopten aquelas tendentes á protección da vítima, as medidas correctoras da persoa ou persoas agresora/s e as referidas á comunicación da situación aos organismos correspondentes. As actuacións que constitúan acoso escolar considéranse condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e non poderán ser corrixidas sen a previa instrución dun expediente disciplinario. Unha vez iniciada a tramitación deste expediente, a persoa titular da dirección do centro notificarallo:

- Ao alumnado implicado e ás súas familias, no caso de ser menores de idade.
- Ao servizo de Inspección Educativa correspondente.
- Ao profesorado titor do alumnado implicado.

Adopción de medidas

16

Con independencia de que proceda ou non a instrución dun expediente disciplinario, unha vez analizada a información, a persoa responsable da tramitación elaborará unha proposta de medidas que haberá que poñer en marcha no centro, nas aulas afectadas e co alumnado implicado e coas súas familias.

Esta proposta recollerase por escrito e indicaranse as medidas, os axentes implicados, os recursos utilizados, a temporización e o seu seguimento e avaliación.

A persoa responsable da dirección do centro, tomando en consideración esta proposta, ditaminará as medidas definitivas que hai que adoptar, para o que, se o considera oportuno, poderá solicitar a colaboración do Departamento de Orientación e da Comisión de convivencia do centro.

As medidas que teñan que impoñerse deberán ter un carácter educativo, tendente á reflexión e toma de conciencia dos feitos, ao cambio de actitude e á reparación do dano causado, de ser o caso; ademais terán que garantir o respecto dos dereitos do alumnado e procurar a mellora das relacións de todos os membros da comunidade educativa.

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes poden ser corrixidas de acordo coas medidas reguladas no artigo 21 da Lei 4/2011 e a normativa que a desenvolva.

Comunicación á Inspección Educativa

A persoa responsable da dirección do centro realizará esta comunicación á inspección Educativa, que se producirá nos seguintes casos:

17

- Cando se confirma a situación de acoso escolar e se procede á tramitación do procedemento do correspondente expediente disciplinario.
- Cando haxa coñecemento da existencia de denuncia policial ou denuncia xudicial.
- Cando o solicite, de oficio, a propia Inspección Educativa.

Esta comunicación recollerá, cando menos:

- A información recollida no centro.
- As actuacións realizadas e as datas nas que se levaron a cabo.
- A información complementaria que se considere relevante ao respecto.

4.2.1 Terceira fase. Análise da información e adopción de medidas:

Unha vez recadada toda a información sobre os feitos acontecidos, deberá ser comunicada polo responsable da tramitación á dirección do centro, quen precisará se a situación detectada é ou non un caso de posible acoso e, de ser o caso, acordará as medidas que cómpre adoptar, sempre de acordo coas previsións recollidas nas normas de convivencia incluídas nas normas de organización e funcionamento do centro (NOF) e no regulado na Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa e na normativa que a desenvolva, con respecto ás condutas contrarias á convivencia e as correccións que correspondan ao seu incumprimento.

Cando se confirme a situación de acoso escolar, debemos distinguir entre as medidas que se adopten aquelas tendentes á protección da vítima, as medidas correctoras da persoa ou persoas agresora/s e as referidas á comunicación da situación aos organismos correspondentes. As actuacións que constitúan acoso escolar considéranse condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e non poderán ser corrixidas sen a previa instrución dun expediente disciplinario. Unha vez iniciada a tramitación deste expediente, a persoa titular da dirección do centro notificarallo:

- Ao alumnado implicado e ás súas familias, no caso de ser menores de idade.
- Ao servizo de Inspección Educativa correspondente.
- Ao profesorado titor do alumnado implicado.

Adopción de medidas

Con independencia de que proceda ou non a instrución dun expediente disciplinario, unha vez analizada a información, a persoa responsable da tramitación elaborará unha proposta de medidas que haberá que poñer en marcha no centro, nas aulas afectadas e co alumnado implicado e coas súas familias.

Esta proposta recollerase por escrito e indicaranse as medidas, os axentes implicados, os recursos utilizados, a temporización e o seu seguimento e avaliación.

A persoa responsable da dirección do centro, tomando en consideración esta proposta, ditaminará as medidas definitivas que hai que adoptar, para o que, se o considera oportuno, poderá solicitar a colaboración do Departamento de Orientación e da Comisión de convivencia do centro.

19

As medidas que teñan que impoñerse deberán ter un carácter educativo, tendente á reflexión e toma de conciencia dos feitos, ao cambio de actitude e á reparación do dano causado, de ser o caso; ademais terán que garantir o respecto dos dereitos do alumnado e procurar a mellora das relacións de todos os membros da comunidade educativa.

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes poden ser corrixidas de acordo coas medidas reguladas no artigo 21 da Lei 4/2011 e a normativa que a desenvolva

Comunicación á Inspección Educativa

A persoa responsable da dirección do centro realizará esta comunicación á inspección Educativa, que se producirá nos seguintes casos:

- Cando se confirma a situación de acoso escolar e se procede á tramitación do procedemento do correspondente expediente disciplinario.
- Cando haxa coñecemento da existencia de denuncia policial ou denuncia xudicial.
- Cando o solicite, de oficio, a propia Inspección Educativa.

Esta comunicación recollerá, cando menos:

- A información recollida no centro.
- As actuacións realizadas e as datas nas que se levaron a cabo.
- A información complementaria que se considere relevante ao respecto.

Cuarta fase. Seguimento das medidas adoptadas:

Unha vez adoptadas as medidas previstas, é necesario continuar levando a cabo, a través do director ou directora do centro, ou da persoa na que delegue, un seguimento da situación, coa intencionalidade de que non se volva producir e de observar os cambios reais no comportamento individual do alumnado protagonista da situación de acoso, no grupo onde tivo lugar (clima de aula e de centro), tempo no que se mantén o efecto das intervencións.

Este seguimento levarase a cabo coa intención de comprobar o cumprimento e a pertinencia das medidas adoptadas, tanto das de carácter urxente, no momento de coñecemento da situación, coma das restantes establecidas no desenvolvemento do protocolo.

A este efecto, débense programar encontros periódicos, especialmente coa vítima, para comprobar se a actuación foi eficaz: xa non hai maltrato, mellorou a situación da vítima e a persoa ou persoas agresora/s modificaron a súa actitude e condutas.

4.3 ESTRATEXIAS DE PREVENCIÓN

4.3.1 A posta en marcha de medidas para a prevención de situacións de violencia escolar nos centros educativos deberá partir dun diagnóstico da situación da convivencia escolar nos centros educativos. Unha vez coñecidos estes datos, será cando poidamos establecer actuacións dirixidas a unha prevención máis adecuada a cada centro.

Estratexias organizativas e de prevención no centro

Entre as posibles estratexias organizativas e de prevención que contribúen á mellora do clima xeral do centro, podemos considerar:

- Promover a participación na elaboración e revisión dos documentos do centro, destacando os valores e normas que pretenden desenvolver actitudes prosociais de igualdade, respecto e diálogo, fomentando o consenso na toma de decisións.
- Potenciar o funcionamento da Comisión da Convivencia do centro.
- Estilo de dirección que favoreza a participación e a comunicación dos problemas.
- Solicitar o apoio e o asesoramento do orientador ante os indicios ou situación que poden derivar en posible acoso.
- Reunións periódicas dos titores por niveis co obxecto de deseñar accións conxuntas para a mellora da convivencia no centro. Adoptar estratexias organizativas que posibiliten a implicación de todo o profesorado nos labores titoriais.
- Difusión á comunidade educativa, a través de diferentes medios, do plan de convivencia e das NOF. Garantir que todos os membros da comunidade educativa coñezan os seus dereitos e deberes.
- Organización do centro respectuosa coa diversidade e aceptación desta como un valor positivo, fomentando a inclusión.
- Impulsar nas concrecións curriculares para os distintos ciclos ou cursos o desenvolvemento de todas as competencias básicas, en especial a competencia social e cidadá.

- Rexistro dos conflitos que se producen no centro co fin de ter unha visión global e introducir as modificacións necesarias na regulación da convivencia do centro.

5. LIÑAS DE ACTUACIÓN

5.1. Coñecer e valorar as características do grupo de alumnos e alumnas, tanto desde ou punto de vista persoal, como no relativo ás estratexias de aprendizaxe, a motivación, aos intereses, ás preocupacións e inquedanzas, ás relacións persoais; coa finalidade de producir as respostas educativas adecuadas.

5.2 Fomentar a integración do novo alumnado e profesorado, desenvolvendo accións que favorezan a adaptación dos novos alumnos e alumnas, profesores e profesoras, e a súa interacción co resto do alumnado e do profesorado.

5.3 Contribuír á formación integral do alumnado, en sintonía cos principios de tolerancia, igualdade, respecto, solidariedade e paz, e cara á participación razoada e responsable na toma de decisións e na solución dialogada dos conflitos.

5.4 Promover a participación das familias no labor formativo, asesorándoas e informándoas daquilo que precisen e demanden.

En especial, da importancia da estimulación dos fillos e das fillas, dos valores a considerar, da relación familia-alumnado-profesorado e de todo aquilo relacionado co proceso de ensino-aprendizaxe e coa formación dunha sociedade para a convivencia democrática.

5.5 Mellorar a relación de igualdade e evitar as discriminacións sexistas.

5.6 Ser capaces de facer ver a todos estes grupos (alumnado, profesorado, familia, persoal non docente do centro) que para crear no centro un ambiente de cooperación e comprensión, así como unha boa convivencia é imprescindible adquirir e desenvolver certas capacidades. Como: a capacidade de compartir, recapacitar, tolerar, reflexionar, ceder, cooperar, dialogar, recoñecer e valorar os sentimentos, intereses, necesidades e valores propios e dos outros con interese e respecto. etc...

Deste xeito teremos os obxectivos operativos para poder comezar a traballar a educación para a convivencia seleccionando as actividades máis adecuadas.

Todo sen perder de vista os elementos básicos que debemos adestrar: Autoestima, Autocontrol, Asertividade, Empatía, e proporcionar experiencias de socialización.

6. NORMAS DE CONVIVENCIA

As Normas de Convivencia, adxuntanse a este documento como o Anexo I nun documento independente, pero vinculado ás NOF e ao Plan de Convivencia.

As normas de convivencia do CIFP Manuel Antonio, concretan os dereitos e deberes do alumnado, establecen as condutas contrarias á convivencia e as correccións que lle corresponden polo seu incumprimento, de acordo co previsto na Lei 4/2011 e no Decreto 8/2015.

7. FUNCIONAMIENTO DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA

Faise necesario un proceso de sensibilización co que se trate de concienciar da necesidade de conseguir unha mellora da convivencia no centro educativo.

A Comisión de Convivencia será a encargada de traballar esta sensibilización e da súa divulgación a todos os sectores da comunidade educativa.

Existirá unha comisión de convivencia integrada por representantes do todos os sectores con representación no centro e presidida pola Director/a, que poderá delegar as súas funcións no Xefe/a de Estudos.

A Comisión de Convivencia do CIFP Manuel Antonio está integrada polos seguintes membros:

- **Alumnado:** 2 candidatos/as. Un de cada quenda; diurno e vespertino
- **Claustro:** 4 candidatos/as. Xefaturas Departamentos de Orientación e de FOL, e 2 representantes do Claustro
- **Persoal de Administración e Servizos:** 1 candidato/a
- **Equipo Directivo:** Xefatura Estudos e Dirección

A Comisión de Convivencia constituirase durante a primeira reunión do Consello Social en cada curso académico e reunirse tres veces durante o curso escolar de xeito ordinario, unha por cada trimestre. Con carácter extraordinario, reunirse, cantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

24

Funcións:

- a) Elaboración da revisión anual do Plan de Convivencia do centro.
- b) Elaboración da revisión anual das Normas de Convivencia e das NOF.
- c) Recibir información da dirección do centro respecto aos incidentes e circunstancias que afecten á convivencia, con especial referencia á execución da perda do dereito á avaliación continua, ás sancións impostas. Ou á apertura de expedientes informativos, disciplinarios ou mediadores.
- d) Propor o nomeamento do instrutor/a nos expedientes informativos.
- e) Propoñer actuacións, respecto ás alteracións da convivencia que non poidan ser corrixidas por aplicación da normativa vixente.

f) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das Normas de Convivencia do centro.

g) Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.

h) Propor ao Consello Social as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos unha vez ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.

i) Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello social do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.

8. ESTRATEXIAS PARA A DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

Nunha primeira fase, trala súa aprobación polo Consello Social, o plan será dado a coñecer a tódolos membros da comunidade educativa do centro mediante as seguintes actuacións:

8.1 Presentación do plan de convivencia ao profesorado para cada curso escolar:

- Información ao claustro do Plan de Convivencia aprobado, así como das futuras actualizacións do mesmo.
- Entrega de carpetas e formato dixital que conteñan o plan de convivencia.
- Entrega dun documento resumo do plan de convivencia no que se expliciten fundamentalmente as normas, medidas correctoras e/ou reeducadoras e procedementos de actuación, para incluír en carpetas informáticas específicas de cada ciclo ou nivel.
- Documento específico do Plan de Convivencia na acollida do profesorado de nova incorporación, explicando os aspectos fundamentais do plan de convivencia.

8.2 Presentación do plan de convivencia ao persoal de administración e servizos para cada curso escolar.

- Realización dunha reunión para a presentación do plan de convivencia ao persoal de administración e servizos e das súas posteriores actualizacións.

- Entrega de carpetas informáticas que conteñan o plan de convivencia.
- Entrega dun documento resumo do plan de convivencia.

8.3 Dar a coñecer o alumnado o plan de convivencia.

- Desenvolver traballos de análise do plan de convivencia nas sesións de tutoría presencial.
- Propiciar assembleas de aula e reunións de representantes do alumnado para realizar distintos aspectos do plan de convivencia.
- Expoñer no taboleiro de alumnado o Plan de Convivencia

8.4 Informar as nais e pais/titores legais.

- Publicar na web do centro o Plan de Convivencia.

9 SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN

9.1 Seguemento por parte do Centro

A comisión de convivencia será a encargada de levar a cabo o seguimento do desenvolvemento do Plan de Convivencia, contando coa colaboración e información destacada procedente de titores/as, orientador/a e Xefatura de Estudos.

Avaliación contínua: o proceso será continuo, realizándose de forma integradora, complementaria, coordinada e conxunta cos procesos de avaliación da aprendizaxe dos alumnos. A este fin, propónse a avaliación despois de cada actividade realizada.

Avaliación trimestral: a través da comisión de convivencia, mediante a elaboración dun informe que recolla o grao de desenvolvemento das medidas que se previron no plan e as dificultades, se as houber, que se detectaron na súa aplicación. Para iso,

a comisión solicitará a información que estime necesaria dos diferentes sectores da comunidade educativa. En función dos resultados desta análise a comisión estudará e poderá propoñer as medidas que estimen necesarias.

Avaliación anual: o final de cada curso, coa elaboración da memoria anual por parte da comisión de convivencia, é na que se avaliará polo menos:

- Grao de desenvolvemento e eficacia das medidas xerais previstas aplicadas.
- Actuacións durante o ano e principais dificultades achadas no desenvolvemento de tales medidas
- Cumprimento dos obxectivos propostos
- Actividades realizadas e incidencias producidas.
- Procedementos de intervención cos comportamentos conflictivos.
- Análise e valoración da situación da convivencia no centro e propostas de mellora

Logo da avaliación do plan de convivencia e a vista dos resultados acadados, o equipo directivo, xunto coa comisión de convivencia, arbitrará un proceso para que os demais estamentos do centro (titores, claustro, xunta de delegados/as, alumnado, ...) realicen as propostas de mellora que consideren pertinentes para incluír na memoria final. A partir das conclusións da memoria anual, realizaríanse as propostas de modificación no plan que se consideren oportunas co fin de mellorar a súa eficacia, propostas que serían tamén incluídas na memoria final do plan

A Comisión de convivencia elaborará, ao remate de cada curso escolar, a memoria do Plan de Convivencia do centro, que será presentada e aprobada polo Consello Social, e formará parte da Memoria do Plan Anual do centro (Decreto 8/2015, Artigo 16 e Disposición adicional segunda).

9.2 Seguemento por parte administración educativa

O centro proporcionará a administración educativa información sobre as condutas que se consideren gravemente perxudiciais para a convivencia. Corresponde a Inspección Educativa supervisar a elaboración, desenvolvemento e avaliación do plan de convivencia do centro, así como prestar o asesoramento necesario.